

## 1. Panorama xeral do recurso

Este recurso comprende 12 unidades didácticas, formadas cada unha delas por aspectos correspondentes aos diferentes bloques do currículo da materia. Cada unidade didáctica componse dos seguintes apartados:

1. **Lectura guiada** de textos da Grecia clásica

2. **Contidos culturais:** históricos, sociais e culturais do mundo helénico

3. **Aspectos de morfoloxía**

4. **Aspectos de sintaxe**

5. **A práctica da tradución**, onde se propoñen diversos métodos para a correcta interpretación dos textos gregos e a retroversión do galego ao grego

6. **Aspectos léxicos**, referidos aos mecanismos de derivación, enriquecemento do vocabulario e helenismos do galego

7. **A herdanza cultural**, onde se analiza e valora de xeito crítico a pegada da Grecia clásica no mundo actual

8. **Actividades**, polas que a/o estudante dispón da oportunidade de avaliar o seu propio proceso de aprendizaxe. Cada apartado individual presenta actividades e tarefas apropiadas para o desenvolvemento dos contidos e competencias traballadas en cada apartado, especialmente deseñadas para favorecer tamén as competencias dixitais e de traballo en colaboración. As actividades ofrecen ademais os mecanismos de retroalimentación e autoavaliación que brindan determinadas ferramentas (iDevices) da do sistema eXelearning. Independentemente destas, cada actividade posúe a propia folla de

autocorrección, para que a/o estudante autónomo poda comprobar con seguridade os avances do seu traballo.

Destaca o papel desempeñado polos **vídeos didácticos** interactivos que atinxen os aspectos máis esenciais e importantes do currículo. Cada unidade didáctica consta sistematicamente de varios contidos de vídeo en formato .mp4 que permite a súa visualización en diversos soportes, como ordenadores, tablets e mesmo teléfonos móbiles.

## 2. Obxectivos

En canto ao emprego efectivo do ODE, os obxectivos do recurso presentado asumen os establecidos para a materia de Grego I de bacharelato, conforme se establece no decreto 157/2022, de 15 de setembro. Enúncianse a continuación, de forma resumida os obxectivos curriculares e, a continuación, como se plasman no recurso:

**OBX1.** Comprender e/ou producir textos gregos de dificultade crecente e xustificar su comprensión y producción, identificando u analizando los aspectos básicos de la lingua grega ... . Os apartados de cada Unidade didáctica referidos á Lectura guiada, Aspectos de morfoloxía, Aspectos de sintaxe e A práctica da tradución atenden á consecución dese obxectivo.

**OBX2.** Distinguir os étimos e formantes gregos presentes no léxico de uso cotiá, identificando os cambios semánticos que tiveran lugar y establecendo unha comparación coas linguas de ensinanza e outras linguas do repertorio individual do alumnado [...]. O apartado de Aspectos léxicos recolle este obxectivo.

**OBX3.** Ler, interpretar e comentar textos gregos de diferentes xéneros e épocas [...] Principalmente, este obxectivo ven asumido polo apartado de lectura guiada de textos gregos.

**OBX4.** Analizar as características da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico, adquirindo coñecementos sobre o mundo helénico e comparando criticamente o presente e o pasado, para valorar as aportacións do mundo clásico grego ó noso contorno como base dunha cidadanía democrática e comprometida. Este obxectivo téntase acadar especificamente traballando o apartado 2 de cada unidade didáctica: Contidos históricos, sociais e culturais do mundo helénico

**OBX5.** Valorar criticamente o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico y cultural herdado da civilización grega, promovendo a súa sustentabilidade e recoñecéndoo como produto de creación humana e como testemuña da historia, para explicar o legado material e

inmaterial grego como transmisor de coñecemento e fonte de inspiración de creacións modernas e contemporáneas. O apartado 7 de cada unidade didáctica, A herdanza cultural, atende a este mesmo obxectivo.

Ademais destes obxectivos citados o ODE pretende tamén:

1. Proporcionar ós/ás docentes unha ferramenta áxil e sinxela para o desenvolvemento do currículo da materia.
2. Promover a práctica estratexias didácticas modernas, activas e relacionadas co contexto social das alumnas e alumnos
3. Contribuír á integración das TIC como medio normalizado de aprendizaxe
4. Facilitar un recurso empregable facilmente en calquera ambiente de aprendizaxe, sexa presencial, virtual ou híbrido.

### 3. Contidos

#### **Unidade 1: A lingua grega no seu contexto**

Xeografía da Grecia clásica

O alfabeto grego

Léxico grego no galego

A herdanza cultural

#### **Unidade 2: O marco histórico**

Lectura: a historia universal de Herodoto

Fundamentos da morfoloxía e sintaxe grega

Morfoloxía: a primeira declinación e o vbo. εἶμι

Actividades de morfoloxía

Sintaxe: as funcións dos casos. A Coordinación

Actividades de tradución

Léxico grego no galego

actividades de léxico

A herdanza cultural: casos e declinacións nas linguas modernas

### **Unidade 3: Os modelos de organización política**

Letura: o discurso fúnebre de Pericles

O sistema democrático ateniense

Morfoloxía: a segunda declinación.

Adxectivos (continuación)

O futuro dos verbos regulares

Actividades

Sintaxe: expresión do complemento circunstancial

A tradución: o verbo

Actividades de tradución

Léxico grego no galego: léxico derivado da política

Actividades de léxico

A herdanza cultural: As institucións e valores democráticos hoxe

Actividades

### **Unidade 4. Os modelos de organización social**

Lectura: a historia da escrava Neera

Guía de lectura

A organización da sociedade en Atenas e Esparta

Morfoloxía: o artigo, os adxectivos de dúas terminacións e o adverbio

Sintaxe: o artigo determinado

A tradución: tradución do suxeito e do artigo

Actividades de tradución

Léxico grego no galego: léxico derivado das institucións sociais

Actividades de léxico

A herdanza cultural: as utopías sociais

Actividades

### **Unidade 5. A organización militar**

Lectura: a expedición contra os melios

Guía de lectura

O exército e a mariña en Atenas

Actividades

Morfoloxía: a terceira declinación (I). O infinitivo de presente

Actividades de morfoloxía

Sintaxe: o dativo posesivo

Actividades

A tradución: o atributo

Actividades

Léxico grego no galego: léxico de orixe militar

Actividades

A herdanza cultural: sementes gregas do pacifismo

Actividades

### **Unidade 6. Familia, educación, ocio e traballo na Grecia clásica**

Lectura: unha pasaxe da traxedia *Medea*, de Eurípides

Familia, educación, ocio e traballo en Grecia

Morfoloxía: a terceira declinación (II). O interrogativo-indefinido

Sintaxe: o complemento directo

A tradución: a tradución do complemento directo

Actividades

Léxico grego no galego: léxico derivado da familia, a educación, ocio e traballo

Actividades

A herdanza cultural: *Paideia* e pedagogía como herdanza grega

Actividades

## **Unidade 7. Deuses e heroes**

Guía de lectura

Lectura: crían os gregos nos seus deuses?

Bases fundamentais da mitoloxía grega

Morfoloxía: terceira declinación (III). O participio de presente

Sintaxe: o dativo. A sintaxe do participio (I)

A tradución: a tradución do dativo

Actividades

Léxico grego no galego: léxico derivado do campo mítico

Actividades

A herdanza cultural: a pervivencia da mitoloxía na cultura actual

## **Unidade 8. A práctica relixiosa**

Lectura: o rei Creso visita Delfos (Herodoto)

Guía de lectura

As manifestacións relixiosas na Grecia clásica

Morfoloxía: a terceira declinación (IV). Verbos contractos

Sintaxe: o xenitivo. O participio absoluto

A tradución do xenitivo e o participio (II)

Actividades de tradución

Léxico grego no galego: léxico do campo da relixión e a maxia

Actividades

A herdanza cultural: rituais relixiosos e máxicos de orixe grega

Actividades

## **Unidade 9. Literatura grega**

Lectura: *Seméllame igual a un deus...* Safo

Guía de lectura

A semente universal da literatura grega

Morfoloxía: terceira declinación (V). As voces do verbo

Sintaxe: as voces verbais

A tradución: a tradución das voces verbais e do complemento circunstancial

Actividades

Léxico grego no galego: o campo da literatura e retórica

Actividades de léxico

A herdanza cultural: pervivencia da literatura grega na galega

Actividades

## **Unidade 10. A filosofía**

Lectura: o interés na natureza e na humanidade (Platón)

Guía de lectura

O desenvolvemento da filosofía grega

Morfoloxía: o aumento. O pretérito imperfecto. O relativo

Sintaxe: sintaxe do relativo

A tradución: o relativo

Actividades

Léxico grego no galego: vocabulario derivado da filosofía

Actividades

A herdanza cultural: esquemas de pensamento actuais herdeiros da filosofía grega

Actividades

## **Unidade 11. As ciencias**

Lectura: o xuramento hipocrático

Guía de lectura

A auxe das ciencias en Grecia

Morfoloxía: o aoristo (I)

Sintaxe: sintaxe do infinitivo

A tradución: a tradución do infinitivo

Léxico grego no galego: léxico científico

Actividades

As herdanza cultural: bases gregas do pensamento científico e na medicina

Actividades

## **Unidade 12. As artes**

Lectura: a visión clásica da arte

Guía de lectura

As artes plásticas na Grecia clásica

Morfoloxía: o aoristo (II). Pronomes demostrativos

Sintaxe: as oracións completivas

Tradución: as oracións completivas



Actividades

Léxico grego no galego: vocabulario da arte grega no galego

Actividades

A herdanza cultural: pervivencia da arquitectura e escultura clásicas

Actividades

#### 4. Secuenciación

É conveniente secuenciar as Unidades Didácticas segundo aparecen ordenadas na lista de contidos do apartado anterior. Dentro de cada unha das unidades, queda ó arbitrio do usuario a ordenación das respectivas partes. Porén, recomendamos comezar polo apartado de lectura, pois funciona a modo de introdución aos demais apartados da unidade.

En canto ao apartados de actividades, convén que se realicen no momento en que se sitúan na lista citada, pois funcionan como reforzo dos contidos e competencias que se tratan de adquirir

A modo de guía para o emprego na clase, considérase que cada unidade didáctica comprende un mínimo de 5 horas de clase, dos que unha maior parte corresponden aos apartados de morfosintaxe e tradución. Cada ODE, composto de catro unidades didácticas, pode levarse a cabo ao longo dunha avaliación.

#### 5. Competencias clave

Nestes ODEs trabállanse todas as competencias clave correspondentes ao curso de Grego I, conforme se relacionan na páx. 50806 do Decreto 157/2022, de 15 de setembro e no Anexo I. A efectos de brevidade, imos dar aquí soamente un breve resumo de cada descriptor e remitimos ao anexo I para o seu completo enunciado.

a) Comunicación lingüística (CCL):

Este ODE fomenta a competencia lingüística ao ofrecer ás/ós estudantes a oportunidade de adquirir e desenvolver habilidades de lectura, comprensión e análise de textos nunha lingua diferente: ó grego clásico. Ademais, permítelles coñecer a orixe e a evolución da súa lingua, enriquecendo o seu vocabulario e capacidade de expresión.

CCL1: Exprésase correctamente en forma e modo adecuado e participa en interaccións adecuadamente, argumentando as súas opinións e respectando as dos demais. (cf. Obxectivo 1)

CCL2: Comprende e interpreta e valora criticamente textos de diferente soporte e ámbito, pero especialmente os académicos, sendo quen de participar na construción de coñecemento. (Cf. Obxectivo 1)

CCL3: Localiza, selecciona e contrasta autonomamente información de diversa fonte, avaliando a fiabilidade e pertinencia, sendo quen de integrala e comunicala rigorosa e criticamente, á par que respectando a propiedade intelectual. (Cf. Obxectivos 4 e 5)

CCL4: Le autonomamente obras relevantes da literatura, poñéndoas en contexto y valorando a súa herdanza, sendo quen de ofrecer unha interpretación propia e argumentada e tamén de ofrecer unha recreación de intención literaria (Cf. Obxectivo 3)

#### b) Competencia plurilingüe (CP)

O presente ODE fomenta a competencia plurilingüe ao introducir unha nova lingua e favorecer a comprensión e a relación coas linguas existentes, sobre todo a galega, promovendo así a capacidade de comunicación en diferentes idiomas.

CP2: Desenvolve a partir da súa propia experiencia estratexias de mellora e ampliación do seu repertorio lingüístico para unha comunicación eficaz. (Cf. Obxectivos 1 e 2)

CP3: Coñece e valora criticamente a diversidade lingüística e cultural da sociedade, intégraa no seu desenvolvemento persoal y pon no centro da comunicación a comprensión mutua. (Cf. Obxectivo 4)

#### c) Competencia Matemática e Competencia en Ciencia, Tecnoloxía e Enxeñeira (STEM)

As estratexias de tradución de textos e as leis de formación de palabra desenvolven tamén competencias de pensamento científico dedutivo e indutivo. Todas estas competencias están extensamente traballadas no noso ODE, por exemplo nos apartados de estratexias de tradución ou formación de helenismos.

STEM1: Selecciona e utiliza métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático en situacións propias da modalidade, empregando diversas estratexias de resolución de problema, reformulando o procedemento e analizando criticamente o problema. (Cf. Obxectivo 1 e 2)

STEM2: Emprega o pensamento científico sobre fenómenos relacionados coa modalidade elixida, partindo do coñecemento, formulando hipóteses e contrastándoas por observación, experimentación ou investigación, empregando as ferramentas axeitadas e sendo consciente da importancia de precisión, veracidade e limitación dos métodos. (Cf. Obxectivo 2)

d) Competencia dixital (CD):

A competencia dixital intégrase nas actividades que se realizan ó longo de todo o ODE, onde son non so instrumento de aprendizaxe, senón tamén destino formativo per se.

CD1: realiza procuras avanzadas, comprendendo como funcionan os motores de procura, aplica ós resultados criterios de calidade, validez, fiabilidade, organiza e selecciona a información e reutilízala criticamente. (Cf. Obxectivo 4)

CD2: Crea, integra y reelabora contidos dixitais de forma individual o colectiva, aplicando medidas de seguridade y respectando, en todo momento, los dereitos de autoría dixital para ampliar os seus recursos y xerar novo coñecemento. (Cf. Obxectivo 5)

e) Competencia Persoal, Social e de Aprender a Aprender (CPSAA)

O traballo neste ODE fomenta o desenvolvemento do pensamento crítico y analítico, xa que implica comprender y analizar textos antigos, interpretar significados e contextos históricos e o desenvolvemento tamén de habilidades de investigación e procura de información, así como de habilidades de autoavaliación y autorregulación da aprendizaxe.

CPSAA5: Planifica a longo prazo, avaliando propósitos e procesos na construción do coñecemento, conectando distintos ámbitos para desenvolver un aprendizaxe autorregulado, para así transmitir o coñecemento, xerar ideas creativas e resolver problemas con autonomía. (Cf. Obxectivo 2)

CPSAA 3.1: Demuestra empatía e autonomía, sendo sensible cara ás emocións e experiencias das demais persoas, comprendendo a influencia do grupo para consolidar unha personalidade empatía e independente e desenvolver a súa intelixencia. (Cf. Obxectivo 4)

f) Competencia cidadán (CC):

O noso ODE contribúe ao desenvolvemento da competencia cidadá ao fomentar a conciencia histórica e cultural, a participación cívica e democrática, así como o pensamento crítico e analítico. Estas

habilidades e coñecementos permiten aos estudantes comprender e participar de maneira informada e reflexiva na sociedade, exercendo unha cidadanía activa e responsable.

CC1: Analiza feitos, normas e ideas da súa identidade social e histórica para consolidar a súa madurez persoal e social, adquirir conciencia cidadá, desenvolver a autonomía e o espírito crítico, e interaccionar pacífica e respectuosamente coas demais persoas e co entorno. (Cf. obxectivos 4 e 5)

CC4: Analiza as relacións de interdependencia ecolóxica entre o noso estilo de vida e o entorno, facendo unha análise crítica da pegada ecolóxica das accións humanas, e demostrando un compromiso ético e eco-responsable coas actividades e hábitos que promoven os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable e a loita contra o cambio climático. (Cf. Obxectivo 5)

#### g) Competencia emprendedora (CE)

O noso traballo quere favorecer o espírito emprendedor ao promover o pensamento crítico, a creatividade e a capacidade de adaptación, características esenciais para emprender e enfrontar desafíos nun entorno cambiante. Ademais, ofrece exemplos de liderado e emprendemento históricos que poden inspirar aos estudantes no seu propio desenvolvemento emprendedor.

CE1: Avalía necesidades e oportunidades, enfronta retos con sentido crítico e ético, considerando a súa sustentabilidade e o impacto no entorno, para presentar e executar ideas e solucións innovadoras en contextos persoais, sociais, académicos e profesionais emprendedores. (Cf. Obxectivo 5)

#### h) Competencia en Conciencia e Expresión Culturais (CCEC)

O noso ODE fomenta esta competencia ao somerxer nunha antiga civilización que deixou unha profunda pegada na cultura occidental, ampliando a súa comprensión histórica e a súa capacidade para apreciar e comunicar a riqueza cultural da antiga Grecia.

CCEC1: Reflexiona, promove e valora de forma crítica o patrimonio cultural e artístico de calquera época, contrastando as súas singularidades e partindo da súa propia identidade, para defender a liberdade de expresión, a igualdade e o enriquecemento inherente á diversidade. (Cf. Obxectivos 3 e 5)

CCEC2: Investiga as particularidades e intencións de diversas manifestacións artísticas e culturais do patrimonio, mediante unha actitude de recepción activa e pracer, diferenciando e analizando os

distintos contextos, medios e soportes nos que se materializan, así como as linguaxes e elementos técnicos e estéticos que as caracterizan. (Cf. Obxectivos 3 e 5)

## 6. Metodoloxía

O ODE mantén un enfoque interdisciplinario e de metodoloxía por proxectos. Abordamos o estudo da lingua e cultura grega antiga con prácticas activas baseadas nunha aprendizaxe contextualizada e apoiada pola realidade social do/a alumno/a.

Establécense procesos de traballo grupais, de participación e compartición de tarefas, asumindo responsabilidades e comportamentos de colaboración que logo no futuro lle van a servir para a súa inserción laboral.

Así mesmo, precísase ofrecer oportunidades de aprendizaxe informacional e mediático e que se capacite para empregar axeitadamente as ferramentas dixitais axeitadas ao traballo que teñen que desenvolver. É o/a estudante o que adquire o rol de construtor/a autónomo/a da súa propia aprendizaxe, colaborando activamente na andaina de crear coñecemento colectivo, e todo isto mediado polos recursos dixitais que vai coñecendo.

O proxecto é accesible e interoperable, pode empregarse tanto en ambientes de ensino presencial, como virtual ou híbrido.

## 7. Medidas de atención á diversidade

Propónse un procedemento concreto de establecemento de medias de atención á diversidade, que pasa por a coordinación co departamento de orientación para a detección e valoración das necesidades específicas de apoio educativo, derivadas de problemas da aprendizaxe, discapacidade o trastorno grave de conducta, altas capacidades ou incorporación tardía ao curso.

No caso de detectarse necesidades educativas especiais, que requiran modificacións do currículo desenvolto no ODE, establécense:

1. A reformulación dos obxectivos, contidos, competencias e criterios de avaliación de forma que se adapten as necesidades específicas do/da estudante
2. No caso de alumnos con dificultades cognitivas, empregarase unha metodoloxía específica a través de la organización de contidos e actividades prácticas adaptadas.

3. No caso dos/das alumnos/as con dificultades comunicativas (cegueira, xordeira, mudez) estableceranse canais alternativos de comunicación.

4. No caso de alumnado que presenta discapacidades severas físicas, psíquicas o sensoriais, ou ben trastornos graves da personalidade ou conducta, solicitarase a colaboración do profesorado especializado de apoio e seguirase, en términos xerais, o protocolo establecido por o centro.

5. En canto ao alumnado de alta capacidade, programarase un enriquecemento curricular axeitado

6. Respecto ao alumnado de incorporación tardía, a modularidade do ODE permite a incorporación áxil do alumno aos aspectos tratados.

## 8. Avaliación

### **(a) Avaliación do alumnado**

Propónse unha actividade avaliativa continua e formativa. Deste xeito, introdúcense as actividades de avaliación dentro do propio método, converténdolas nun recurso que proporciona resultado inmediato, facendo consciente ao estudante do seu progreso.

### **(b) Criterios e instrumentos de avaliación do alumnado:**

1. Realizar traducións de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais: Probas escritas ou orais

2. Seleccionar o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificalo: Traballos de investigación grupais e exposicións ante a clase

3. Corrixir as propias traducións e as dos compañeiros. Probas escritas e avaliación inter pares.

4. Extraer, analizar e explicar as ideas principais de textos orixinais e/ou traducidos. Exposicións individuais ante a clase

5. Participar con corrección en debates sobre temas relacionados coa súa experiencia . Participación en debates na clase

6. Explicar a partir de helenismos, a relación do grego coas linguas modernas. Traballos de investigación grupais guiados. Exposicións na clase

7. Aplicar estratexias de recoñecemento de étimos e inferir o significado de novos termos de léxico especializado Traballo de investigacións guiados grupais e exposición na clase

8. Mostrar unha actitude de respecto e valoración da diversidade cultural e lingüística Participación en debates na clase.

9. Crear textos con intención literaria e estilo con fontes de inspiración grega. Traballo individual e exposición na clase.

10. Explicar os procesos históricos, políticos, culturais, sociais, etc., contrastándoos cos actuais. Traballo guiado grupais e exposición na clase.

11. Participar en debates sobre diferentes aspectos da herdanza grega, seleccionando e contrastando información. Traballo guiado grupais e participación en debates na clase

12. Investigar o patrimonio histórico, arqueolóxico e cultural herdado dos gregos valorando a súa conservación. Traballo de investigación grupais e exposición na clase

### **(c) Avaliación do seu desenvolvemento na aula (presencial, híbrida ou virtual)**

Distinguimos tres fases na avaliación do ODE. Precísase, en primeiro lugar, dunha avaliación inicial de coñecementos e competencias previas dos/das estudantes, mediante un cuestionario tipo test, desenvolvido ad hoc, que inclúa tamén una avaliación das súas competencias TIC, tendo en conta a importancia do emprego de estas ao longo do desenvolvemento do ODE.

Nunha segunda fase de avaliación do desenvolvemento, aplicarase ós/ás alumnos/as un cuestionario tipo test que recolla a súa valoración sobre o desenvolvemento do ODE e calquera outro aspecto que sexa do interese para a mellora do proceso de implementación do ODE.

Na terceira fase, recolleranse mediante un test de cuestións abertas, a opinións dos estudantes sobre a valoración final do ODE e as suxestións de mellora.

Aparte dos test escritos que recollen a visión do alumnado, a propia profesora ou profesor observará e apuntará nun caderno de avaliación as impresións obtidas do desenvolvemento do ODE, prestando atención ás preguntas, observacións, problemas, dúbidas, etc. que se lles formulan ao alumnado, para futuras melloras.

### **(d) Avaliación da proposta educativa**

Será global e integradora; é dicir, terá en conta todas as liñas de actuación que vertebran o conxunto do ODE. Aconséllase empregar como instrumento unha memoria. Como guía de avaliación da proposta educativa aconséllase á/ó profesor/a atender a:

- O grao de consecución dos obxectivos marcados
- O grao de implementación dos contidos
- A oportunidade da secuenciación de contidos establecida
- O grado de adquisición de competencias no conxunto do alumnado
- O desempeño da metodoloxía empregada
- O funcionamento das medidas desenvoltas de atención á diversidade
- O desenvolvemento da convivencia e a igualdade de xénero
- O funcionamento do propio sistema de avaliación.